



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2020/G010/000007	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de xullo de 2020
Duración	Dende as 13,50 horas ata as 14,57 horas
Lugar	Edificio Multiusos Concello de Frades
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ
-----------	--------------------------	----

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente unha vez expresado o seu agradecemento por poder retrasar a sesión ordinaria, abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Coñecidas polos/as asistentes, a través de borradores repartidos coa convocatoria, as seguintes actas

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 15 de maio de 2020.
- Acta da sesión extraordinaria do sorteo das mesas electorais celebrada o día 15 de xuño de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Non se formulan observacións. O Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións do Pleno seguintes:

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 15 de maio de 2020.
- Acta da sesión extraordinaria do sorteo das mesas electorais celebrada o día 15 de xuño de 2020.

2.- ASUNTO.: DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 94/2020 ata o número 126/2020, en formato PDF.

O Pleno queda sabedor.

3.-ASUNTO.: APROBACIÓN, SE PROCEDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE NOS CONCELLOS DE MESÍA E FRADES.-

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Logo de ver a Resolución da secretaria xeral técnica da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, de data 22.06.2020, de concesión da subvención por importe total de 76.600 euros, para o Proxecto denominado "Mellora, mantemento e protección do ambiente e do medio natural", na modalidade de xestión compartida do Fondo de Compensación Ambiental 2020 para os Concello de Frades e Mesía, ao abeiro da Orde de 19.12.2019.

Visto o texto do Convenio que de seguido se transcribe (literal):

CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL NOS CONCELLOS DE MESÍA E FRADES

No Concello de Frades , a xx de xullo de 2020

REUNIDOS:

Os Sr.es. Alcalde dous seguintes concellos:

CONCELLO DE FRADES: Don Roberto Rey Martínez

CONCELLO DE MESÍA: Don Mariano Iglesias Castro

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Terceiro.- O artigo 11.3 da Lei 40/2015, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de limpeza viaria (Anexo I onde se recollen os servizos que se asocian), e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sétimo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Oitavo.- Tanto a LRBR, como a LALGA e a Lei 40/2015, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Noveno.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO DE MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL , mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL a prestar de forma compartida entre os concellos de Frades e Mesía.

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos termos municipais dos Concellos de Frades e Mesía.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Frades e polo Concello de Mesía de forma recíproca e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un catálogo de condicións en que se debe levar a cabo a xestión.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un dous Concellos, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitarase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena disponibilidad de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta rexerase polo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento do servizo compartido e sometelo a aprobación dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de catro meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima. Medios persoais e materiais.-

Os dous Concellos sinalan en Anexo II os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materias, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse as axudas que se convoquen polas diferentes Administracións Públicas para o mesmo ámbito de actuación.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos o caso farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

O reparto será dun cincuenta por cento para cada Concello

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento dá finalidade e certificado do secretario dá relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décimo.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor ou día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Décimo Segunda - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta , en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

ANEXO I

- Mantemento de vías publicas
- Actuacións de recuperación e protección do medio ambiente en espazos naturais, areas recreativas e rutas de sendeirismo.

ANEXO II

- Medios personais:

Mesía: 1 peón xardinería, 1 peón conductor

Frades: 1 tractorista

- Medios materiais:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

En virtude das atribucións que me son conferidas e vistos os artigos 22.2.f) e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno da Corporación, que na próxima sesión que se celebre, adopte o seguinte ACORDO:

- 1. Primeiro.-** Xestionar de maneira compartida, co Concello de Mesía, o proxecto denominado "Mellora, mantemento e protección do ambiente e do medio natural nos Concellos de Frades e Mesía".
- 2. Segundo.-** Formalizar a xestión compartida a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos Concellos, facultando aos Alcaldes de Frades e Mesía para a súa sinatura. O convenio terá que publicarse no Boletín Oficial da Provincia aos efectos oportunos.
- 3. Terceiro.-** Nomear ao Alcalde deste Concello, Roberto Rey Martínez como representante, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación, e actuar como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificante da axuda.
- 4. Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O manda e asina o Alcalde- Presidente,

(asinado dixitalmente ao marxe)>>

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación e o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

4.-ASUNTO.: SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE INDUSTRIA, DE REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS PLANTEXADAS EN ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA GARCÍA, CON DNI 33.268.359-A, PRESENTADO POR REXISTRO DE ENTRADA DO CONCELLO Nº 230/2020, EN REPRESENTACIÓN DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE GAFOI, PONTECARREIRA, SOBRE DEFICIENCIAS NO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE LUZ.

O Sr. Alcalde-Presidente procede a dar conta do escrito de D. José Antonio García García, con DNI 33.268.359-A, presentado por rexistro de entrada do Concello nº 230/2020, en representación dos veciños e veciñas de Gafoi, Pontecarreira, sobre deficiencias no servizo do subministro de luz, do que xa se deu conta na Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 12 de xuño de 2020, na que se acordou remitir unha queixa formal dende o Concello á Dirección xeral de industria, Enerxía e Minas, da Xunta de Galicia.

A continuación explica a situación dos veciños, formulando PROPOSTA: <<Estande a producir cortes continuos de subministro de enerxía eléctrica no núcleo urbano de Pontecarreira. Os problemas nas liñas intentáronse solucionar, segundo me dixeron en



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

conversa telefónica coa Consellería de Industria, mediante a colocación duns aparellos nas liñas que dan aviso cando hai problemas, pero resulta insuficiente, e non da solución ao problema fundamental.

Dende esta Alcaldía polo tanto propónse ao Pleno desta Corporación, que se lle envíe queixa formal por escrito dende este órgano Colexiado a Unión Fenosa Distribución, e á Consellería de Industria (Dirección xeral de industria, Enerxía e Minas, da Xunta de Galicia), para que teñan coñecemento e procedan á reparación destas deficiencias no subministro no núcleo urbano de Pontecarreira.>>

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao portavoz do grupo municipal do BNG, que intervéñ para afirmar que UDESA presta un mellor servizo nas liñas nas que distribúe neste Concello.

O Sr. Alcalde- Presidente engade á PROPOSTA, que efectivamente se debe reincidir máis na limpeza das liñas visto que o Concello ten dos distribuidores. Depende na parroquia onde se viva hai distinto servizo dependendo da empresa que opere:

No 50% do Concello distribúe UDESA DISTRIBUCIÓN onde apenas hai incidencias ao longo do ano.

No outro 50% distribúe Unión Fenosa Distribución (UFD), con moitas deficiencias e cortes do subministro ao longo do ano.

A continuación, polo Sr. Alcalde- presidente sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.>>

5.-ASUNTO.: MOCIÓNS.-

5.1.-MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA POLA QUE SE SOLICITA AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA QUE POÑA E EXECUTE CON CELERIDADE OS FONDOS EUROPEOS FEADER PARA O SECTOR AGROGANDEIRO.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Frades, D. Enrique Astray Otero, que procede a dar lectura á moción presentada ao Pleno, pola que se solicita ao Goberno da Xunta de Galicia que poña e execute con celeridade os fondos europeos FEADER para o sector agrogandeiro

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento Europeo aprobou o pasado 18 de xuño novos fondos para os sectores agroalimentarios e gandeiros europeos, destinados a paliar os efectos da covid-19. Estas axudas están destinadas a agricultores individuais, cooperativas e pemes



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

agroalimentarias e son parte do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O montante das axudas ascende a 7.000 € para as persoas físicas, e ata 50.000 € para cooperativas e pemes. No caso da primeira, a cifra é 2.000 € superior á presentada pola Comisión Europea, unha suba acadada gracias ao traballo das e dos socialistas no Parlamento Europeo.

A proposta enmárcase dentro do segundo paquete de axudas comunitario para paliar os efectos provocados pola pandemia, e supón unha modificación do Regulamento de Desenvolvemento Rural. Trátase dunha oportunidade para facer fronte ás consecuencias derivadas da crisis provocada pola pandemia, que sen lugar a dúbidas afectou a estes sectores no noso concello, e que agora a Xunta de Galicia ten que poñer en marcha.

Atendendo a isto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno a seguinte

MOCIÓN

1. Solicitamos á Xunta de Galicia que a executar de maneira inmediata e cos mínimo prazo posible estas novas axudas europeas para as e os agricultores, cooperativas e pemes agroalimentarias.
2. Elaboración dun plan autonómico para o sector, que inclúa a execución das partidas orzamentarias dependentes do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER) para o período 2014-2020 que aínda están sen executar.>>

O Sr. Alcalde-Presidente concédelle a palabra ao voceiro do PP, D. Manuel ferreiro Marzoa que intervén para manifestar o seu acordo.

A continuación, polo Sr. Alcalde- presidente sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a moción do Grupo Municipal Socialista nos seus mesmos termos.>>

5.2.-MOCIÓN DO BNG-GRUPO MIXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA ECOMMERCE NO CONCELLO DE FRADES.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro/a, do Grupo Municipal do BNG_GRUPO MIXTO no Concello de Frades, D. Manuel Míguez Villaverde, que procede a dar lectura á moción presentada ao Pleno denominada MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA ECOMMERCE NO CONCELLO DE FRADES

<<O grupo municipal do BNG presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte moción para a creación dunha plataforma Ecommerce no Concello de Frades.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dada a importante crise que se avexiña para a economía e en concreto para o comercio en xeral e máis en particular para o comercio local de Frades, unido a problemática de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

perda de poboación e a escasa actividade económica no rural que xa viña padecendo, cremos que unha boa saída é o comercio online, que permite chegar a un importante e case ilimitado número de clientes potenciais, pero este tipo de comercio precisa duns métodos modernos de promoción e posta a punto para o que o comercio de Frades non está preparado, polo que consideramos que o aval e a promoción por parte do Concello de Frades sería a solución para polo menos iniciar unha andaina de esta índole. Este modelo de negocio está avalado por numerosos exemplos de éxito por toda Galicia e en todo tipo de comercio (ferraxerías, ultramarinos, tendas de caza e pesca e por suposto tamén pequenos produtores).

Por todo o anteriormente exposto o BNG de Frades solicita a o Pleno da corporación de Frades a adopción da seguinte medida:

ACORDO

Creación da plataforma de comercio electrónico Ecommerce Concello de Frades para a promoción e venda de produtos do comercio do Concello >>

O Sr. Alcalde-Presidente concédelle a palabra ao voceiro do PP, D. Manuel ferreiro Marzoa que intervén para dicir que <<...resulta atractivo pero non temos experiencias anteriores. Non sei se seremos capaces de determinar que comercios serían capaces de utilizalo...>>

A continuación intervén o voceiro/a, do Grupo Municipal do BNG GRUPO MIXTO no Concello de Frades, D. Manuel Míguez Villaverde que sinala que sería convinte facer reunións e falalo.

A continuación intervén o voceiro do PP, D. Manuel ferreiro Marzoa, para propoñer crear unha mesa de traballo para saber que xente estaría interesada, e finalmente o Sr. Alcalde-presidente propón incluso falar con algunha empresa especializada.

A continuación, polo Sr. Alcalde- presidente sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda adoptar o seguinte ACORDO:

1.- Prorrogar a aprobación da MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA ECOMMERCE NO CONCELLO DE FRADES.-

2.- Crear unha mesa de traballo para planificar a posta en marcha da plataforma de comercio on line.

6.-ASUNTO.: INFORMES DA ALCALDÍA.-

O Sr. Alcalde-Presidente procede a informar dos seguintes asuntos:

- ACTIVIDADES DE VERÁN. Puxéronse en marcha, con separacións, mascarillas, creación dunha app para controlar o aforo na piscina... polas restricións do COVID-19
- SOLICITUDE REDE CULTURAL: 22.000,00 euros. A Deputación subvenciona o 75%. Actividades programadas ata o 31 de marzo de 2021.
- APERTURA PISCINA con control de aforo, e contratación de máis persoal.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- XOVES DE PRAIA. Praia de Boiro, non está habendo problemas.
- CAMPAMENTOS DE VERÁN. 40 nenos/as anotados/as. Agradecemos ao colexio que aporte as aulas, pavillón e salón de actos...
- CAMPIONATO DE PESCA. Moita participación
- DÍA DO NENO. 26 de xullo, domingo.
- NOITES DE CINE
- EXCURSIÓNS, RUTAS DE SENDERISMO
- CURSOS DE NATACIÓN. 40 persoas anotadas.
- CURSO PILATES DE VERÁN
- CURSOS FORMACIÓN. En colaboración coa ONG Mestura
- REMATOU O PROXECTO DA PRAZA DE ABELLÁ. Faltaría terminar os postes de Telefónica, tan pronto como se pase toda a canalización.
- RECIBIUSE UNHA SUBVENCIÓN PARA CUBRICIÓN DO PARQUE DE PONTECARREIRA. Recibimos resolución de concesión. Vaise cambiar o empedrado da Praza e poñer unha tiroliña, cama elástica e cambiar os xogos e mellora doutros existentes. Subvención de 40.000,00 euros de Vicepresidencia. Proxecto: 59.912,00 euros.
- FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL
- CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DE CAMIÑOS DE AGADER. Camiño de Gasalla (Abellá) e outros.
- CONVENIO DE TURISMO RECUPERACIÓN DA SALA ETNOGRÁFICA. Restauración dos aparellos. O Concello aporta o 35%, e a Axencia de Turismo un 65%.
- PEL. Contratáronse a cinco persoas, 4 meses durante 5 horas.
- APROL RURAL: 4 persoas, 8 meses xornada completa.

7.-ASUNTO.: ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédense a preguntar se algún concelleiro/a quere formular rogo/s ou pregunta/s.

Intervén o voceiro do BNG_ Grupo mixto D. Manuel Míguez Villaverde, que fai tres rogos:

1º.- En relación á Presa de Pontecarreira, que apenas ten caudal, habería que poñer a comporta á mesma altura á que estaba.

2º.- Na estrada de Pontecarreira, na saída da Ponte cara a Santiago, estase a derrubar a carreiteira, hai un socabón e afectou tamén ao quitamedos, que parte xa está no aire.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15080 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3º.- Habería que arranxar un socabón no aparcamento de San Martiño, na Ponte causada pola auga.

O Sr. Alcalde- Presidente queda sabedor e informa que xa se avisou a Fomento enviando o informe técnico correspondente coas deficiencias detectadas. Por outra banda, empezou a traballar a empresa Cernadas que debería reparar o socabón da Ponte causada pola auga.

Intervén o voceiro, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Frades, D. Enrique Astray Otero, que fai o seguinte rogo: " A presa está sen iluminación."

O Sr. Alcalde- Presidente queda sabedor e informa que na Presa e en Os Pasos de Aiazo evítase a iluminación para que non haxa botellón polo COVID-19 debido aos rebrotos. Estase valorando se volver a iluminar ou non.

A continuación o concelleiro do PSOE, D. Aurelio Garea Portos intervén para preguntar se se podería arranxar a parrilla que xa ter varios ladrillos rotos.

O Sr. Alcalde- Presidente queda sabedor e informa que pasarán os operarios municipais a arranxalo.

A continuación intervén o voceiro, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Frades, D. Enrique Astray Otero para facer outro rogo: con motivo das pasadas eleccións detectáronse problemas nos censos. Hai certos problemas na actualización dos censos.

O Sr. Alcalde- Presidente queda sabedor e informa que o tema do censo o regula estatística, e facer unha variación case é imposible, pero intentarase solucionar na medida do posible.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14,57 h.

**A SECRETARIA
ALCALDE**

O

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN
PLENARIA ORDINARIA DE DATA 18.09.2020**